

Clasificación dos concellos e parroquias segundo o grao de urbanización

METODOLOXÍA

Elaborado polo IGE coa colaboración da D.X. de Innovación e Xestión da Saúde Pública

1. Introducción

A rápida evolución que experimentaron as estatísticas sociais durante as dúas últimas décadas na Unión Europea, tanto en número de operacións como no seu ámbito de aplicación, puxo de manifesto a necesidade de alcanzar un mellor grao de homoxeneidade entre os estados membros en canto aos conceptos e definicións empregadas nestas operacións estatísticas.

Por esta razón, a Oficina de Estatística da Unión Europea (Eurostat) leva traballando dende o ano 1996 no establecemento de definicións estándar para os conceptos estatísticos demográficos, xeográficos e socioeconómicos empregados en diferentes enquisas sociais.

Nesta liña, Eurostat creou no ano 2005 un Grupo de Traballo sobre Variables Nucleares (*Task Force on Core Social Variables*), no que participou España, co obxectivo de definir un conxunto de variables nucleares homoxeneizadas para implementar nas enquisas sociais europeas que proporcionan microdatos a Eurostat.

A lista de variables propostas polo Grupo de Traballo contén 16 variables distribuídas en tres categorías: 7 demográficas, 6 socioeconómicas e 3 xeográficas. As recomendacións finais do Grupo inclúen que os estados membros implementen as variables nucleares nas súas enquisas antes do ano 2011, e que a lista de variables sexa revisada por Eurostat regularmente, por exemplo, cada cinco anos.

Unha das variables nucleares xeográficas propostas polo Grupo de Traballo de Eurostat é o **grao de urbanización**, que se define como o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural. Esta clasificación, que no informe final do Grupo de Traballo establécese en 3 categorías, ten moita relevancia como variable explicativa na análise de estatísticas, debido ás importantes diferenzas que pode haber entre zonas urbanas e rurais en canto ás características económicas e sociais. Para definir o grao de urbanización pártese das chamadas áreas locais, que corresponden a diferentes entidades dos estados membros e que, no caso de España, son os concellos.

O grao de urbanización orixinal introduciuse no 1991 e distingue tres tipos de zonas: densamente poboadas, intermedias e pouco poboadas. Esta definición está baseada no tamaño da poboación e na densidade e continuidade das áreas locais (no caso de España son os concellos). Este método está baseado en áreas, que varían considerablemente en

superficie, polo que os resultados reducen a comparabilidade entre países con áreas pequenas e con áreas grandes.

A definición orixinal do grao de urbanización establecida por Eurostat foi aplicada polo INE aos concellos do territorio español, empregando os datos do Censo de Poboación de 2001.

No ano 2011, o IGE aplicou esta definición do grao de urbanización considerando como áreas locais as parroquias no canto de concellos e desenvolveu unha subclasificación que desagrega xerarquicamente a anterior¹.

A partir da subclasificación das parroquias, desenvolveuse unha subclasificación para o grao de urbanización dos concellos que desagrega xerarquicamente as 3 zonas definidas por Eurostat. Para iso, empregáronse as porcentaxes de poboación que vive en parroquias clasificadas nas diferentes categorías.

No ano 2011 aprobouse unha nova clasificación do grao de urbanización² por Eurostat. Esta clasificación distingue os mesmos tipos de zonas que a anterior pero para a definición destes tipos emprega un criterio de continuidade xeográfico combinado con limiares de poboación mínimos, aplicados a celas de 1 km². Isto último diminúe as distorsións causadas polo distinto tamaño das áreas.

No ano 2012, Eurostat difundiu a clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización obtida en base a este novo método e empregando a poboación do ano 2006. No 2015 estará dipoñible unha actualización na que se empregará a poboación do ano 2011.

No 2014, o IGE ven de modificar a clasificación dos concellos segundo o grao e subgrao de urbanización. A partir deste momento a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización reflicte a nova metodoloxía de Eurostat e a subclasificación realizouse sobre a clasificación e a subclasificación das parroquias, que non se modificou.

2. Obxectivos e utilidades

O principal obxectivo deste traballo é obter unha clasificación do grao de urbanización dos concellos e das parroquias galegas que reflicta as peculiaridades do asentamento poboacional na nosa comunidade de xeito harmonizado coa clasificación empregada a nivel estatal e europeo. Máis concretamente:

- Establecer unha clasificación das parroquias galegas segundo o seu grao de urbanización (tres zonas) de acordo á definición orixinal proposta por Eurostat.

¹ [Clasificación segundo o grao e subgrao de urbanización baseada na Clasificación de Eurostat que emprega os datos do Censo de Poboación de 2001](#)

² The new degree of urbanisation
(http://ec.europa.eu/eurostat/ramon/miscellaneous/index.cfm?TargetUrl=DSP_DEGURBA)

- Subdividir as categorías do grao de urbanización en subcategorías co fin de diferenciar núcleos de características diferentes. Aplicar esta subclasificación ás parroquias.
- Clasificar os concellos en subcategorías segundo a súa urbanización de xeito xerárquico coa nova clasificación do grao de urbanización establecida por Eurostat.

No caso das parroquias é a primeira vez que se fai unha clasificación deste tipo do territorio galego; en cambio, as posibilidades de uso son inmediatas en diferentes ámbitos da Comunidade Autónoma Galega. Así, hai que ter en conta que un amplo sector da poboación considera a parroquia como división natural do territorio, polo tanto, dispor dunha clasificación para as parroquias é algo necesario nunha comunidade como a nosa.

Esta clasificación ofrece posibilidades, non só na difusión de operacións exhaustivas, senón tamén abre a posibilidade de incluíla, aínda que sexa de modo parcial, nos deseños de enquisas ás persoas físicas e aos fogares.

3. Definición

Grao de urbanización orixinal

No informe final do *Grupo de Traballo sobre Variables Nucleares* de Eurostat defínese o grao de urbanización como o tipo de localidade na que reside un individuo segundo o seu carácter urbano ou rural, e establécense tres categorías:

- 1- Zonas densamente poboadas
- 2- Zonas intermedias
- 3- Zonas pouco poboadas

Estas categorías defínense a partir das áreas locais (AL) e a súa densidade de poboación do xeito seguinte:

- **Zonas densamente poboadas (ZDP):** conxunto contiguo de AL de densidade superior a 500 hab./Km² e unha poboación total para a zona de alomenos 50.000 habitantes.
- **Zonas intermedias (ZIP):** son os conxuntos de AL que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./ Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboada densamente.
- **Zonas pouco poboadas (ZPP):** son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.

Unha AL ou un grupo contiguo de AL que non acadan o nivel de densidade requirido, pero que están totalmente contidas nunha zona densamente poboada ou intermedia, considéranse como

parte dela. Unha AL localizada entre unha zona densamente poboada e unha zona intermedia, aínda que non acade os 100 hab./Km², considérase como intermedia. Para aplicar isto, o grupo de áreas afectadas deben ter unha superficie de polo menos 100 Km².

Na definición de Eurostat determinase que para España a área local é o concello.

4. Aspectos metodolóxicos

4.1 Grao de urbanización das parroquias

Determinación das áreas locais

Para a aplicación da definición é preciso ter unha unidade territorial (área local) que nos permita calcular a densidade de poboación e representala xeograficamente para poder formar os conxuntos de unidades adxacentes.

A determinación destas áreas locais, no caso das parroquias, fíxose a partir do Nomenclátor do ano 2009 do INE, considerando inicialmente todas as entidades colectivas e as entidades singulares que non se atopan incluídas nunha entidade colectiva.

Por outro lado, a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia facilitou unha listaxe de parroquias coa súa correspondente información cartográfica. Cruzáronse ambas as dúas listaxes e obtívose unha serie de entidades colectivas do Nomenclátor que non estaban representadas no mapa.

Destas entidades colectivas, algunhas non teñen poboación e non se consideraron ao asumir que están integradas nalgunha das parroquias con representación cartográfica posto que non inflúen no cálculo da densidade. Son as que figuran a continuación:

Táboa 1.- Parroquias do nomenclátor que non posúen poboación. Galicia, ano 2009.

Código parroquia	Código concello	Concello	Nome Parroquia
3200100	32001	ALLARIZ	VENTA DO RÍO
3200700	32007	BAÑOS DE MOLGAS	PENOUZOS
3200900	32009	BARCO DE VALDEORRAS, O	REPORICELO
3205700	32057	PARADA DE SIL	CORDELLE

Noutros casos, comprobouse que se trataba de entidades que se segregaran. Localizouse a parroquia da que formaban parte e asignóuselle a esta a poboación. Son as que figuran a continuación:

Táboa 2.- Parroquias do nomenclátor que se integran noutras para formar as áreas. Galicia, ano 2009.

Parroquia inicial	Código concello	Concello	Nome Parroquia	Poboación	Parroquia a destino
1504800	15048	MIÑO	COSTA ANACARA	55	1504808
1506200	15062	OUTES	A SERRA DE OUTES	1104	1506206
3200100	32001	ALLARIZ	CAMPELO	1	3200111
3200100	32001	ALLARIZ	FORXÁS DE MONTES	1	3200112
3201500	32015	BOLO, O	OUTARDEPREGOS	60	3201510
3600303	36003	BAIONA	BAIONA (SANTA MARÍA DE FÓRA)	1958	3600304
3605713	36057	VIGO	FREIXEIRO (SAN TOMÉ)	6171	3605700
3606003	36060	VILAGARCÍA DE AROUSA	O CARRIL (SANTIAGO)	1562	3606013
3606010	36060	VILAGARCÍA DE AROUSA	SOBRÁN (SAN MARTIÑO)	1443	3606009

Ademais, no caso de Moaña, no Nomenclátor do INE aparecen tres entidades colectivas: MOAÑA (SAN MARTIÑO E VIRXE DO CARME), MOAÑA (SAN MARTIÑO) e MOAÑA (VIRXE DO CARME) e no mapa de parroquias só aparecen representadas dúas: (SAN MARTIÑO) e MOAÑA (VIRXE DO CARME).


Dado que a entidade MOAÑA (SAN MARTIÑO E VIRXE DO CARME) non se podía asignar a ningunha delas, considerouse a suma da poboación das tres entidades do Nomenclátor para o cálculo da densidade e asignóuselle este valor aos dous territorios do mapa.

Determinación do grao de urbanización para as parroquias

Para clasificar as parroquias en primeiro lugar representáronse segundo a súa densidade en tres categorías: máis de 500 habitantes por quilómetro cadrado, entre 100 e 500 e menos de 100. Formáronse os conxuntos contiguos de áreas segundo se detalla na definición; cuantificouse a poboación de ditos conxuntos, determinouse o tipo de zona (ZDP, ZIP ou ZPP) e asignouse esta categoría a todas as AL que a forman.

Do anterior identificáronse 8 zonas que se clasificaron como ZDP (e polo tanto asignóuselle esta categoría ás 70 áreas locais que as constituían) e 12 zonas ZIP (formadas por un total de 399 AL). As restantes áreas locais clasificáronse polo tanto como ZPP.

Figura 1. Distribución das parroquias galegas segundo o grao de urbanización. Ano 2009.



Fonte: IGE, Consellería de Sanidade. Elaboración propia

Determinación do subgrao de urbanización nas parroquias

Tal e como se pode apreciar na figura anterior, a maioría das parroquias están clasificadas como ZPP, sendo esta categoría moi pouco discriminante, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense onde as únicas parroquias que non son ZPP son as que se sitúan arredor das capitais. Así, os núcleos de poboación densamente poboados reflectidos no mapa de parroquias segundo densidade e con certo grao de urbanización, non se trasladan ao anterior ao non acadar o limiar de poboación (50.000 habitantes) preciso para configurarse ZIP ou ZDP.

Para afinar máis na clasificación de grao de urbanización, estableceuse un segundo nivel denominado subgrao de urbanización para as categorías ZIP e ZPP.

Subgrao de urbanización

Dentro das áreas clasificadas como ZIP, aquelas áreas cunha densidade superior a 300 hab./Km² (e con polo menos unha AL de densidade superior a 500 hab./Km²) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 10.000 ou máis habitantes, clasificaranse como ZIP alta. O resto de áreas serán ZIP baixa.


Dentro das áreas clasificadas como ZPP, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km² (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km²) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificaranse como:

- ZPP alta se o conxunto ten 10.000 ou máis habitantes
- ZPP intermedia se o conxunto ten 5.000 habitantes ou máis e menos de 10.000 habitantes
- ZPP baixa se o conxunto ten 2.000 habitantes ou máis e menos de 5.000 habitantes
- resto de áreas serán ZPP superbaixa

Para diferenciar dentro das 399 parroquias ZIP as ZIP altas, consideráronse as parroquias cunha densidade superior a 500 hab./Km² (xa que cada conxunto ten que ter polo menos unha) e as parroquias colindantes cunha densidade superior aos 300 hab./Km² de xeito que formasen un conxunto contiguo. Analizouse a poboación de cada unha destas zonas e se superaba os 10.000 habitantes subclasificáronse ás parroquias como ZIP Alta (identificáronse así a 52).

Analogamente, para as zonas ZPP partiuse das parroquias con densidade superior a 100 hab./Km² e en torno a estas configuráronse os conxuntos contiguos coas parroquias de densidade superior aos 80 hab./Km² e calculouse a súa poboación. Segundo fose esta poboación as subzonas feitas clasificáronse nas diferentes categorías.

Figura 2.- Distribución das parroquias galegas segundo o grao e subgrao de urbanización. Ano 2009.



Fonte: IGE, Consellería de Sanidade. Elaboración propia

Con esta subclasificación recuperáronse núcleos importantes de poboación (Monforte de Lemos, Sarria, Ribadeo, Burela, Verín, Xinzo de Limia...) que na clasificación anterior pasaban inadvertidos e que teñen un certo grao de urbanización.

Táboa 3.- Distribución da poboación e da superficie por tipo de zona definida a partir das parroquias. Galicia. Ano 2009

Zona	Nº entidades	Poboación	Superficie	% poboación	% superficie
ZDP	70	1.152.566	347,5	41,2	1,2
ZIP	399	629.506	2.144,4	22,5	7,3
ZIP alta	52	247.785	243,8	8,9	0,8
ZIP baixa	347	381.721	1.900,6	13,7	6,4
ZPP	3.321	1.014.017	27.060,7	36,3	91,6
ZPP alta	95	191.078	614,8	6,8	2,1
ZPP intermedia	30	77.012	212,8	2,8	0,7
ZPP baixa	55	83.463	363,8	3,0	1,2
ZPP superbaixa	3.141	662.464	25.869,3	23,7	87,5
Total	3.790	2.796.089	29.552,6	100,0	100,0


4.1 Grao de urbanización dos concellos

No 2011, Eurostat difunde unha nova clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización empregando un novo método e coa poboación do 2006.

Como se pode ver no mapa da Figura 3, esta clasificación é bastante grosa no caso de Galicia, asigna 264 concellos a categoría do menor grao de urbanización, ZPP, e non permite diferenciar núcleos importantes de poboación con certo grao de urbanización, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense.

Tendo en conta o anterior e, a partir da clasificación dos concellos de Eurostat e da división en zonas e subzonas obtida coas parroquias, estableceuse unha subclasificación dos concellos ZIP e ZPP.

Figura 3.- Distribución dos concellos galegos en zonas segundo o grao de urbanización
Eurostat



Fonte: Eurostat

Para facer esta subclasificación empregouse a clasificación das parroquias segundo o grao de urbanización do apartado anterior e a poboación do Padrón de 2009. Calculouse para cada concello de Galicia a porcentaxe de poboación dese concello que residía en parroquias clasificadas como ZDP, ZIP Alta, ZIP Baixa, ZPP Alta, ZPP Intermedia, ZPP Baixa e ZPP Superbaixa e aplicouse o seguinte criterio:

Os concellos ZIP clasifícanse en:

- **ZIP alta:** concellos cunha porcentaxe de poboación en parroquias ZDP e ZIP alta superior ao 50%.
- **ZIP baixa:** resto dos concellos.

Concellos ZPP clasifícanse en:

- **ZPP alta:** concellos cunha porcentaxe de poboación en parroquias ZDP, ZIP e ZPP alta de máis do 50%.


- **ZPP intermedia:** concellos non clasificados en ZPP alta e cunha porcentaxe de poboación en parroquias ZDP, ZIP, ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa de máis do 50%.
- **ZPP baixa:** resto dos concellos.

Aplicando estes criterios obtívose que 21 concellos da zona ZIP se clasifican como ZIP alta, e 69 concellos ZPP son ZPP alta ou intermedia (Figura 4). A distribución da poboación galega e a superficie segundo o grao de urbanización do concello preséntase na Táboa 4, onde se pode destacar que máis do 50% da poboación galega reside en 28 concellos (ZDP e ZIP alta), que ocupan só o 6,4% do territorio.

Táboa 4.- Distribución da poboación e da superficie por grao de urbanización dos concellos.
Galicia, ano 2009.

Etiquetas de fila	Núm. concellos	Poboación	Superficie	% poboación	% superficie
ZDP	7	998.749	982,3	35,72	3,32
ZIP	44	684.546	2186,2	24,48	7,39
ZIP alta	21	447.808	911,5	16,02	3,08
ZIP baixa	23	236.738	1274,7	8,47	4,31
ZPP	264	1.112.794	26406,9	39,80	89,29
ZPP alta	40	404.373	2982,7	14,46	10,09
ZPP media	29	181.574	2534	6,49	8,57
ZPP baixa	195	526.847	20890,2	18,84	70,63
Total general	315	2.796.089	29575,4	100,00	100,00

Figura 4.- Distribución dos concellos galegos en zonas e subzonas segundo o grao de urbanización.



Fonte: IGE, Consellería de Sanidade. Elaboración propia. A base empregada para a clasificación dos concellos é a nova clasificación do grao de urbanización de Eurostat

5. Resultados

Os resultados desta clasificación difúndense na páxina web do IGE, de xeito que para cada concello ou parroquia facilítase grao e subgrao de urbanización.

No 2014 ven de actualizarse esta clasificación para os concellos para reflectir o novo grao de urbanización definido por Eurostat e obtido en base á poboación de 2006.

6. Bibliografía

Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Sistema de Información Territorial de Galicia. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (2003). *Mapa de Coberturas e Usos do Solo*. Xunta de Galicia

Dalda, J.L.; Docampo, M. e Harguindey, J.G. (2005) Cidade difusa en Galicia. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Xunta de Galicia.

Eurostat (2007). *Task Force on Core Social Variables*. Luxembourg: Office for Official Publications of the European Communities

López Ratón, M., Santiago Pérez, M.I. (2005). Construcción de un índice de ruralidad y clasificación de los municipios gallegos. *I Congreso de Estatística e Investigación Operacional da Galiza e Norte de Portugal VII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións*.